



Misticismo e
simbolismo

OS SOÑOS NAS OBRAS DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

María Quiroga Figueroa (Departamento Belas Artes)

*Y podrás conocerte recordando
Del pasado soñar los turbios lienzos,
En este día triste en que caminas
con los ojos abiertos.*

*De todas la memoria, solo vale
El don preclaro de evocar sueños.*

Antonio Machado

A arte ofrécenos a oportunidade de achegármonos ao complexo mundo dos soños e de analízalo dende diferentes perspectivas. Na arte cristiá, por exemplo, son moi frecuentes as representacións dos chamados "soños místicos", experiencias a través das cales Deus se comunica con determinadas persoas para transmitirlles unha mensaxe que nas Sagradas Escrituras son clasificadas coma sinais do ceo.




Sor María Jesús de Ágreda
Anónimo
Século XVII
Miniatura ao óleo sobre
prancha de cobre




Muller en éxtase
Anónimo
Século XVII
Óleo sobre lenzo

Noutras ocasións, a arte preséntanos a morte como metáfora do soño eterno, un soño do que non se esperta. Dende a aparición do home, a morte é unha parte daquilo que foi en vida e que permanece entre nós, polo que xa nas primeiras culturas xorde a necesidade de rodear o defunto de ritos funerarios, como as máscaras e enxovais que actúan de nexo de unión entre os dous mundos, o dos vivos e o dos mortos. De aí a frase tópica "*Somnium imago mortis*". E como dicía o poeta:

"Si morir es dormir, quiero dormir en paz en la noche de la muerte, sin que vengais a ser mi pesadilla, maldiciéndome por haberos condenado a la nada antes de haber nacido". Gustavo Adolfo Bécquer. Introducción sinfónica.



Máscara funeraria de Antonio Fernández Benfeitor do MPL
Magin Picallo Durán
Século XX
Baleirado en xeso patinado



Asorey no seu leito de morte
Luís Quintás Goyanes
Século XX
Debuxo a lapis sobre papel

Nos séculos XVIII, XIX e principios do XX estendeuse o costume de realizar máscaras de xeso de personaxes célebres coas que se conservaba a memoria física e táctil dos defuntos na busca da inmortalidade.

A práctica das máscaras funerarias vén xa das primeiras culturas históricas, como a máscara de ouro batido de Micenas e, sobre todo, foi Roma onde se desenvolveu máis esta práctica coas *imago maiorum*, realizadas no momento da expiación nesa busca da captación do real en contraposición co ideal, na que moitos verían o antecedente da retratística romana.

Pero non será ata o Romanticismo cando o soño adquira un valor positivo que ata ese momento non tivera. Para os artistas e escritores románticos, as experiencias oníricas non serán xa un medio senón un fin, un espazo da conciencia que por si mesmo merece converterse en protagonista da creación artística e fonte de inspiración, constituindo unha vía de escape e un antídoto contra a realidade.

*¿Será verdad que cuando toca el sueño
con sus dedos de rosa nuestros ojos,
de la cárcel que habita huye el espíritu
en vuelo presuroso?*

*¿Será verdad que, huésped de las nieblas,
de la brisa nocturna al tenue soplo,
alado sube a la región vacía
a encontrarse con otros?*

*¿Y allí desnudo de la humana forma,
allí los lazos terrenales rotos,
breves horas habita de la idea
el mundo silencioso?*

*¿Y ríe y llora y aborrece y ama
y guarda un rastro del dolor y el gozo,
semejante al que deja cuando cruza
el cielo un meteoro?*

*Yo no sé si ese mundo de visiones
vive fuera o va dentro de nosotros.
Pero sé que conozco a muchas gentes
a quienes no conozco.*

Pero o movemento artístico literario, que situará o mundo dos sonhos no lugar máis destacado da creación, será o Simbolismo, que xorde en Francia a finais do século XIX como reacción contra o positivismo, a civilización industrial e o realismo da arte, cuxas orixes habería que buscalas nos artistas prerrafaelistas e no conxunto de poemas agrupados baixo o título *Las flores del mal*, de Bodelaire, fonte de inspiración para os artistas simbolistas pola súa oposición aos valores da burguesía do seu tempo, por tratar sen trapalladas temas coma as drogas, a sexualidade e o satanismo.

A revolución científica que se produce nesta época vén contradicir as teorías tradicionais da relixión, o que unido ao desenvolvemento da psicoloxía e da exploración do subconsciente, nas que se encadra a revelación de Sigmund Freud acerca da interpretación dos sonhos, suporán o caldo de cultivo para que toda unha xeración de artistas, poetas, pensadores e filósofos lideren unha ruptura co pasado, coa reformulación entre o visible e o invisible e propoñan unha nova estética afastada dos anteriores movementos realistas.

"O símbolo ensinome dúas cousas: o valor dos sonhos, asimilados á obra poética e o lugar que ocupan o símbolo e a alusión na arte, isto é, o sonho manifestado. Entón foi cando emprendín o meu gran libro sobre a interpretación dos sonhos como reveladores do subconsciente, dese mesmo subconsciente que é a fonte de inspiración. Aprendín dos simbolistas que todo poeta debe crear a súa linguaxe e eu creí, de feito, o vocabulario dos sonhos, o idioma onírico".

Sigmund Freud

Neste contexto histórico, o Simbolismo presentáenos como o medio ideal para a interpretación do subconsciente e o símbolo como a figura máis axeitada para os sonhos, pois o seu interese xa non estará na representación da realidade tal e como a percibimos, senón na representación dos sonhos e das fantasías nos que abundan as figuras que transcenden o material, preto do sobrenatural e do mundo das sombras.

Os pintores simbolistas son individualistas, egocéntricos e non desenvolven un estilo unitario; o seu propósito é o de liberar o home dunha realidade vulgar a través dunhas composicións refinadas e antinaturalistas, polo que a súa estética está moi ligada a outro movemento artístico denominado Modernismo, xurdido, tamén, a finais do século XIX para revalorizar o nivel artístico, elitista e decorativo da plástica fronte á elaboración en masa dos produtos de confort.



O soño adolescente (e detalle)
Manuel Bujados (1889-1954)
Lapis e acuarelas sobre papel

As composicións simbolistas de debuxo preciosista, sensual e refinado agachan todo un mundo de sonhos eróticos e sexuais con grande carga de obscenidade provocadora que o espectador pode descubrir. Estas fantasías oníricas ofrécenos, a miúdo, a contraposición entre o ben e o mal, as dúas forzas que segundo Nietzsche rexen o mundo e que enfrontan os prexuízos relixiosos cos desexos máis baixos e escuros.

Dese xeito, poden compartir composición representacións celestiais extraídas da Historia Sagrada, coma a figura da Virxe e os anxos, pertencentes á ética católica, con todo un mundo de sonhos prohibidos, nos que comparten protagonismo corpos ideais semiespidos de adolescentes andróxinos, mulleres fascinantes e perversas e seres ambiguos portadores de símbolos oníricos do mal e o desenfreo, como cobras negras e monstros con cabeza de medusa, identificados tradicionalmente co inferno. A chave que abre a porta a todo ese mundo descoñecido, que serve para interpretar os signos agachados nestas obras, non é outra cousa que a clave para descifrar os sonhos.